

BASES LEGAIS, TERMOS E CONDICIÓNS DE PROMOCIÓN NA CONTA X “#PARAGUSTOSCULTURA”

1. ENTIDADE ORGANIZADORA

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia (en diante, “Cultura de Galicia”), con enderezo en San Caetano, s/n 15781 Santiago de Compostela, organiza unha promoción na súa conta oficial na plataforma social X.

O concurso desenvolverase con suxeición aos termos e condicións detallados nas presentes Bases Legais.

2. DESVINCULACIÓN RESPECTO DE FACEBOOK

A plataforma social X non patrocina, avala nin administra de ningún xeito esta promoción, nin está asociada a ela. Mediante a aceptación das presentes Bases, os participantes desvinculan a esta plataforma de calquera reclamación que puidesen expor durante o desenvolvemento da presente promoción e aceptan que é unha plataformas totalmente independente da mesma.

A información que proporcione o usuario utilizarase para xestionar a súa participación como concursante e comunicar o premio cando corresponda.

3. DURACIÓN E ÁMBITO TERRITORIAL

A promoción terá lugar na contas oficiais das redes sociais de Cultura de Galicia desde a publicación do primeiro post do sorteo o día 13 de decembro de 2025 ata as 23:59 pm (hora peninsular) ata o 5 xaneiro de 2026.

A promoción é válida soamente en territorio español.

4. REQUISITOS E EXCLUSIÓNS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DA PROMOCIÓN

Poderán participar nesta promoción (no sucesivo, o/os “Participante/es”):

1. As persoas físicas
2. Maiores de 18 anos, á data de peche da promoción
3. Con residencia legal en España
4. Que teñan un perfil de usuario real activo, non sendo en ningún caso válidas as nomeadas “contas concurso”
5. Que sexan seguidores da conta oficial de Cultura de Galicia en X. Este requisito poderá comprobarse polos medios que a mencionada plataforma

social facilite e, no caso de que por axustes de privacidade ou da propia plataforma non poida comprobarse, darase por válido.

5. MECÁNICA DE PARTICIPACIÓN

Para participar na Promoción, ademais de cumprir cos requisitos recollidos na anterior Base 4, cada un dos participantes terá que Retuitear o post e deixar un comentario mencionando unha persoa.

Non estarán permitidas as publicacións cuxo contido se considere inadecuado, que sexa ofensivo, inxurioso, ameazante, discriminatorio ou que, dalgunha maneira, puidese vulnerar dereitos de terceiros (especialmente en relación cos dereitos ao honor, intimidade e propia imaxe), reservándose Cultura de Galicia o dereito a descualificar os Participantes que as emitan e de denunciar os referidos contidos.

As participacións recibidas fóra do referido prazo serán consideradas como non válidas por parte da Entidade Organizadora. Para os efectos de verificar que se realizou en prazo, tomarase como referencia a data e hora de realización da publicación.

6. PREMIOS

O premio consistirá nun (1) lote con material composto por libros e *merchandising* da campaña #ParaGustosCultura.

O premio da presente Promoción, en ningún caso poderá ser obxecto de cambio, alteración, compensación económica ou cesión a petición do gañador. Non obstante o anterior, en caso de concorreren circunstancias extraordinarias a xuízo da Entidade Organizadora, esta resérvase a facultade de substituír o premio da presente Promoción por outro de similares características e igual ou superior valor ao aquí establecido.

Así mesmo, queda prohibida a venda ou comercialización do premio polo gañador.

7. DETERMINACIÓN DOS GANADORES, COMUNICACIÓN E ENTREGA DO PREMIO

A presente Promoción levarase a cabo baixo a modalidade de sorteo gratuíto, de conformidade co establecido nestas Bases Legais. Entre todos os participantes da Promoción o día 5 de xaneiro de 2026 realizarase un sorteo aleatorio mediante unha aplicación externa automática que seleccionará un (1) gañador.

Se, por causas alleas á Entidade Organizadora, non puidese celebrarse o sorteo na data prevista, este suspenderase e pasará a celebrarse o día hábil inmediatamente posterior, unha vez arranxado o problema que impedise a realización do sorteo.

Así mesmo, se unha vez comezado o proceso do sorteo, este se interrompese por razón técnicas ou causas alleas á vontade da Entidade Organizadora, repetirase dende o principio, anulando todas as actuacións desenvolvidas ata o momento da súa interrupción, incluída a adxudicación dos premios que se producen.

A comunicación do gañador realizarase o 7 de xaneiro mediante un ou varios destes métodos, a elección de Cultura de Galicia:

- A publicación do nome dos gañadores na páxina web de Cultura de Galicia, cuxa ligazón poderase compartir nas súas contas oficiais de Instagram, X e/ou Facebook.
- Unha mensaxe directa, pública ou privada.
- Un comentario no post de concurso.

Unha vez realizada a comunicación nos termos descritos, os gañadores terán de prazo ata as 23:59 p.m. (hora peninsular) do día de 19 de xaneiro de 2026 para reclamar o premio, a cuxos efectos deberán enviar un correo electrónico ao enderezo prensa.cultura@xunta.gal, no que terán que indicar:

7. A confirmación de aceptación do premio;
8. Os seus datos persoais (nome e apelidos), datos de contacto (enderezo de correo electrónico e teléfono) e fotocopia do seu DNI en vigor; e
9. O enderezo onde se queira recoller o premio.

Unha vez recibidos por Cultura de Galicia os datos solicitados no parágrafo anterior, esta poderá requirir aos gañadores, adicionalmente e naqueles supostos que estime oportunos, a confirmación da titularidade das súas contas de Instagram.

No caso de non reclamación en prazo e forma, renuncia, imposibilidade de localización ou cando o gañador non cumpra cos requisitos recollidos nestas Bases, o premio quedará deserto. A renuncia ao premio non dará ningún dereito de indemnización ou compensación a favor do gañador.

O gañador dispoñerá dun prazo máximo de trinta (30) días naturais para recoller o premio, contados desde o momento en que o reclamen, transcorrido o cal perderá o seu dereito ao mesmo.

Para a entrega do premio será condición indispensable a exhibición por parte do gañador da documentación acreditativa da súa identidade en vigor. A negativa a proporcionar a devandita documentación levará á perda do dereito a percibir o premio.

Unha vez realizada a entrega do premio nos termos indicados, entenderanse cumpridas por Cultura de Galicia todas as obrigacións asumidas con motivo do presente sorteo, renunciando o gañador a calquera reclamación posterior.

O gañador do sorteo comprométese a subir unha (1) fotografía do gozar do premio á súa conta mencionando o perfil oficial de Cultura de Galicia. Para estes efectos, o gañador garante a Cultura de Galicia que será o único e lexítimo autor da fotografía que suba e que a publicación desta non vulnerará ningún dereito de terceiros, incluídos os dereitos de propiedade intelectual, industrial e á propia imaxe.

8. UTILIZACIÓN DO NOME DOS GÃÑADORES E COMUNICACIÃNS RELACIONADAS CON ESTA PROMOCIÃN

O gañador da promoción consente expresamente que Cultura de Galicia poida utilizar o seu nome e apelidos e/ou nome de usuario nas redes sociais en calquera actividade publicitaria, promocional ou de “márketing” relacionada coa presente promoción en calquera medio, sen que as devanditas actividades lle confiran dereito de remuneración ou beneficio ningún, excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas Bases.

9. RESPONSABILIDADE

Cultura de Galicia resérvase o dereito para modificar, en calquera momento, as condicións da presente promoción cando concorra causa xustificada ou motivos de forza maior, sen asumir ningunha responsabilidade por esta modificación, comprometéndose a comunicar as novas condicións de participación na mesma forma e medios que os utilizados para as presentes Bases.

Cultura de Galicia resérvase o dereito de non admitir ou excluír os participantes ou os gañadores da presente promoción, que facilitasen datos falsos, erróneos, inexactos ou que incumpran o establecido nas presentes Bases, quedando eximida de calquera responsabilidade no caso de que os devanditos erros ou falsidades impidan a identificación dos gañadores do premio.

Cultura de Galicia exclúe calquera responsabilidade por danos e prexuízos de toda natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento dos servizos mediante os que se participa na

promoción e, en particular, aínda que non de modo exclusivo, os fallos de acceso ás redes sociais e erro de calquera mensaxe de correo electrónico destinado a Cultura de Galicia.

Cultura de Galicia non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros ou aos propios gañadores, que poidan afectar o desenvolvemento xeral da presente promoción ou ao premio.

Así mesmo, Cultura de Galicia non se responsabiliza do uso indebido do premio realizado polo gañador.

Cultura de Galicia non se responsabiliza polos servizos que, no seu caso, terceiras empresas deban prestar con ocasión da presente promoción.

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A simple participación nesta promoción implica a aceptación incondicional das presentes Bases, a suxeición á normativa fiscal que, no seu caso, resulte de obrigatoria aplicación, así como a submisión expresa ás decisións interpretativas que das devanditas Bases realice Cultura de Galicia en canto á resolución de calquera cuestión derivada da promoción.

A manifestación no sentido de non aceptación da totalidade ou parte destas Bases implicará a exclusión inmediata do participante e, en consecuencia, Cultura de Galicia quedará liberada do cumprimento de calquera das obrigacións contraídas co devandito participante con motivo da presente Promoción.

As Bases da promoción están suxeitas a posibles cambios que poidan xurdir por motivos alleos á vontade da Entidade organizadora, erratas ou causas de forza maior.

11. CONTACTO

Se tes calquera dúbida en relación coa Promoción, escríbenos un correo electrónico ao seguinte enderezo: prensa.cultura@xunta.gal